



DATOS IDENTIFICATIVOS

Enfermería clínica III

Materia	Enfermería clínica III			
Código	V53G140V01301			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Povisa)			
Coordinador/a	Muíños Álvarez, Alicia			
Profesorado	Garay Martínez, Irene Magdalena Lopez, Carlos Jose Muíños Álvarez, Alicia			
Correo-e	amuinos@cepovisa.com			
Web	http://www.cepovisa.com			
Descrición xeral	Esta materia encadra as competencias a desenrolar polo estudante no coidado a persoas con patoloxías específicas dentro do eido da Enfermería Médico-Cirúrxica.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, como individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto ás súas opinións, crenzas e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional.
B8	Promover e respectar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermidade.
C28	Coñecer as alteracións da saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas súas distintas fases.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
C32	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
D1	Capacidade de análise e síntese.
D2	Capacidade de organización e planificación.
D3	Capacidade de xestión da información.
D4	Resolución de problemas e toma de decisións.
D7	Razoamento crítico.
D8	Aprendizaxe autónoma.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de deseñar os coidados nas principais enfermidades relacionadas co aparello xeniturinario, sistema endocrino, e paciente neurocirúrxico.	A4	B7	C28	D1
	A5	B8	C29	D2
			C32	D3
				D4
				D7
				D8

Ser capaz de planificar e prestar coidados antes situación concretas relacionadas cun paciente politraumatizado e neurocirúrxicos.	A3	B7	C28	D1
	A4		C29	D2
	A5		C30	D3
			C32	D4
				D7
				D8
Ser capaz de prestar asistencia centrada no paciente, utilizando os diagnósticos de enfermaría e as actividades derivadas deles, nas patoloxías estudadas.	A4	B7	C28	D1
		B8	C29	D2
			C30	D3
			C32	D4
				D7
			D8	
Ser capaz de aplicar os coidados necesarios para a atención á persoa/paciente crítico incluído o potencial doante de órganos.	A3	B7	C28	D1
	A4	B8	C29	D2
			C30	D3
			C32	D4
				D7
				D8

Contidos

Tema

1. Patoloxía Endocrina	<p>1.1 Xeneralidades da patoloxía endocrina: Conceptos xerais e recordo anatómico, valoración xeral endocrina, tratamento médico e cirúrxico.</p> <p>1.2 Exe hipotálamo-hipófisis: Estudo diagnóstico e enfermidades.</p> <p>1.3 Tiroides: Enfermidades benignas e neoplasia maligna do tiroides.</p> <p>1.4 Paratiroides: Hipoparatiroidismo, hiperparatiroidismo e carcinoma de paratiroides.</p> <p>1.5 Patoloxía endocrina, suprarrenal, pancreática e Síndrome de NEM.</p> <p>1.6 Diabetes, dislipemias, hiperuricemia e obesidade.</p> <p>1.7 Enfermaría Endocrina:</p> <p>1.7.1 Coidados de enfermaría.</p> <p>1.7.2 Técnicas de enfermaría.</p> <p>1.7.3 Tratamentos e administración dos mesmos.</p> <p>1.7.4 Educación sanitaria.</p> <p>1.7.5 Prevención e complicacións.</p>
2. Politraumatismos	<p>2.1 Soporte vital avanzado, asistencia ao politraumatizado e triaxe en catástrofes.</p> <p>2.2 Traumatismo cervical e torácico: vía aérea, neumotórax, hemotórax, lesións da vía aérea, lesións pulmonares, lesións cardíacas e de grandes vasos, lesións diafragmáticas, lesións da parede torácica e lesións esofáxicas.</p> <p>2.3 Traumatismo abdominal: Control de danos, síndrome compartimental, traumatismo hepático e esplénico, traumatismo duodenopancreático, traumatismo intestinal e traumatismo retroperitoneal.</p>
3. Patoloxía Renal e Urolóxica	<p>3.1 Estudo do paciente con Enfermidade Renal. Patoloxía Nefrourolóxica:</p> <p>3.2 Enfermidades Renais:</p> <p>3.3 Hemodiálise. Diálise Peritoneal.</p> <p>3.4 Paciente Urolóxico: Avaliación e técnicas diagnósticas.</p> <p>3.5 Enfermidades Benignas Tracto Xenitourinario.</p> <p>3.6 Patoloxía Urolóxica Renal.</p> <p>3.7 Patoloxía Vesical.</p> <p>3.8 Patoloxía Prostática.</p> <p>3.9 Patoloxía do Testículo.</p> <p>3.10 Patoloxía Xenital Masculina e Disfunción Sexual.</p> <p>3.11 Coidados de enfermaría no paciente urolóxico:</p> <p>3.11.1 Técnicas.</p> <p>3.11.2 Tratamentos.</p> <p>3.11.3 Educación sanitaria.</p> <p>3.11.4 Prevención de complicacións.</p>

4. Doazón de órganos	<p>4.1 Aspectos legislativos polos que se regulan as actividades de obtención e utilización de órganos e tecidos.</p> <p>4.2 Diagnóstico e certificación da morte.</p> <p>4.3 Consentimento presunto.</p> <p>4.4 Organización Nacional dos Trasplantes (ONT). Oficina de Coordinación dos Trasplantes de Galicia.</p> <p>4.5 Coordinación dos Trasplantes a nivel hospitalario.</p> <p>4.6 Qué órganos e tecidos se poden doar.</p> <p>4.7 Valoración do doante potencial.</p> <p>4.8 Entrevista familiar.</p> <p>4.9 Contextualización mantemento do paciente doante.</p> <p>4.10 Documentación relacionada.</p> <p>4.11 Introducción coidados paciente crítico.</p>
5. Neurocirurxía	<p>5.1 Introducción a Neurocirurxía. Subespecialidades. Avances tecnolóxicos asociados.</p> <p>5.2 O profesional de enfermaría no servizo de neurocirurxía:</p> <p>5.2.1 Coidados básicos e especializados no paciente neurocirúrxico.</p> <p>5.2.2 Exploración neurolóxica básica. Escalas de valoración en neurocirurxía.</p> <p>5.3 Procedementos en neurocirurxía. Coidados de enfermaría:</p> <p>5.3.1 Craneais: Trépano-Mini trépano. Craneotomía-Craniectomía. Biopsia cerebral. Derivación ventrículo peritoneal.</p> <p>5.3.2 Columna: Laminectomía, discectomía cervical, lumbar. Instrumentación columna, vertebroplastia, cifoplastasia.</p> <p>5.4 Monitorización PIC. Drenaxe ventricular externo. Drenaxe lumbar.</p> <p>5.5 Coidados especiais das feridas no paciente neurocirúrxico.</p> <p>5.6 Procedementos especializados: Neurocirurxía estereotáxica. Radiocirurxía. Neuroradioloxía intervencionista: vascular, columna, dor.</p> <p>5.7 Patoloxía tumoral: Meninxiomias. Glioblastoma multiforme.</p> <p>5.8 Patoloxía vascular cerebral: Isquémica. Hemorráxica.</p> <p>5.9 Patoloxía traumática: Craneal, trauma craneal leve con risco, TCE grave, raquimedular.</p>
6. Oncohematoloxía	<p>6.1 Coidados de enfermaría.</p> <p>6.2 Diagnósticos (NANDA), Obxectivos (NOC) e Intervencións (NIC).</p> <p>6.3 Casos clínicos.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	55	37	92
Actividades introductorias	2	0	2
Estudo de casos	2	10	12
Traballo tutelado	1	20	21
Resolución de problemas de forma autónoma	1	4	5
Aprendizaxe colaborativa	1	4	5
Exame de preguntas obxectivas	2	6	8
Autoavaliación	1	4	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos específicos da materia obxecto de estudo.
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Exposición dos contidos xerais por cada un dos profesores/as intergrantes da materia e comunicación dos requerimentos das metodoloxías/probas integrantes da mesma.
Estudo de casos	Actividades prácticas a desenrolar na aula na que o/s estudante/s de forma activa, ben de forma individual ou en grupo describe, analiza, e resolve en caso necesario, situacións concretas expostas ou simuladas polo profesor/a tendo en conta os contidos da materia desenrolados previamente.
Traballo tutelado	O/a estudante, de maneira individual, elabora un documento seguindo as directrices do profesor responsable, sobre unha temática da materia concreta. Trátase dunha actividade autónoma do estudante que inclúe a procura e recollida de información, lectura, manexo de bibliografía actualizada, redacción, exposición e defensa.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios plantexados de forma autónoma polo docente correspondente.

Aprendizaxe colaborativa	Comprende un grupo de procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.
--------------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Ademais da información facilitada polo profesor sobre os requisitos para levar a cabo a elaboración do traballo proposto, o estudante poderá establecer comunicación con el para liquidar dúbidas xurdidas durante proceso de elaboración a través da ferramenta/s de comunicación establecida/s polo mesmo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Estudo de casos	EC: De forma GRUPAL expóranse casos e situacións a través das distintas ferramentas dispoñibles (soporte escrito, presentación audiovisual, simulación práctica, taller...) que os estudantes de forma activa tratarán de analizar e resolver segundo as directrices marcadas previamente polo profesor. (TALLER NEUROCIRURXÍA).	15	A3 B7 C30 D1 A4 C32 D3 D4 D7
Traballo tutelado	TT: O/a estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento e exposición do mesmo sobre unha temática concreta e seguindo as directrices definidas previamente nunha data límite establecida polo profesor. Levarase a cabo de forma INDIVIDUAL.	15	A3 C28 D1 A4 C29 D2 A5 C32 D3 D7 D8
Resolución de problemas de forma autónoma	RP: O/a estudante analizará un caso concreto dun paciente e plantexará a resolución de forma autónoma do mesmo baseado nos contidos específicos da materia obxecto de estudo. Levarase a cabo de forma INDIVIDUAL.	10	A3 B7 C28 D1 A5 B8 C29 D2 C30 D3 C32 D4 D7 D8
Aprendizaxe colaborativa	AC: O/a estudante elaborará segundo as directrices facilitadas pola profesora a resolución de forma autónoma e posteriormente compartida de contidos prácticos específicos da materia.	10	A3 B7 C28 D1 A5 B8 C29 D4 C30 D7 D8
Exame de preguntas obxectivas	EX: Proba para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta. O estudante seleccionará unha resposta entre un número limitado de posibilidades (catro opcións de resposta). Cada resposta correcta sumará catro puntos e cada incorrecta restará un punto. Total preguntas 40 (20 Dr Magdalena+10 Irene Garay+10 Alicia Muiños).	40	A3 C28 D1 A4 C29 D2 C32 D3 D4 D8
Autoavaliación	AU: Levarase a cabo a finalización (aproximadamente 15 minutos) de cada unha das sesións de Neurocirurxía e versará sobre os contidos tratados ese día na aula.	10	A3 B7 C28 D1 B8 C29 D2 C30 D3 C32 D4 D7 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

O primeiro día de clase os docentes expoñen a planificación da asignatura e os horarios de titoría, e informan sobre as opcións de avaliación (CONTINUA OU GLOBAL).

A elección individual do estudiantado será comunicada ao centro, segundo a metodoloxía establecida para elo e publicada na web.

AVALIACIÓN CONTINUA (AC):

O 10% de faltas de asistencia non xustificadas implica a perda do dereito de AC, considerándose faltas xustificadas: a realización de exames, a presenza de órganos colexiados, o ingreso hospitalario e a enfermidade ou baixa médica.

A calificación da avaliación continua obterase mediante a suma de: (EC+TT+RP+AC+EX+AU). **Será necesario acadar mínimo un catro sobre dez no exame para optar ao sumatorio do resto de metodoloxías que integran a asignatura, de carácter obrigatorio todas elas.**

EC: TALLER NEUROCIRURXÍA: NOV-DIC.

TT: TRABALLO TUTELADO: SEP-OCT-NOV-DIC. TRABALLO+EXPOSICIÓN.

RP: RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS: DIC.

AC: APRENDIZAXE COLABORATIVO: OCT-NOV.

AV: AUTOAVALIACIÓN: APROXIMADAMENTE 15 MINUTOS DE CADA SESIÓN.

EX: 40 PREGUNTAS TEST (XANEIRO).

A data do exame coincidirá coa establecida no calendario oficial de exames. Data compartida coa modalidade de avaliación global.

Aqueles estudantes que non poidan seguir a avaliación continua, o renunciaran a ela, serán avaliados mediante unha proba final que suporá o 100% da calificación da asignatura (Avaliación global).

IMPORTANTE: Toda a información necesaria para o desenvolvemento das distintas probas que compoñene a AC será divulgada en en tempo e forma a través de MOOVI.

AVALIACIÓN GLOBAL (AG):

Realizarase un examen global que suporá o 100% da calificación da materia.

O exame será tipo test (100 preguntas) con catro opcións de resposta. Cada resposta correcta valerá catro puntos. Cada resposta incorrecta restará un punto.

Para superar a materia deberá alcanzarse una nota mínima de 5/10.

2ª OPORTUNIDADE:

De non superar a asignatura en calquera das dúas modalidades na 1ª oportunidade, implicará que a 2ª oportunidade se optará pola avaliación global.

COMPROMISO ÉTICO:

Espérase que o estudantado presente un comportamento ético axeitado. En caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados...). considerarase que o estudante non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Nese caso, a cualificación final en primeira oportunidade, sera de suspenso (0,0). Non se permitirá a utilización de ningún dispositivo electrónico durante as probas de avaliación salvo autorización expresa.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

P. Parrilla Paricio; J.I. Landa Garcia, **Cirugía AEC**, 2ª Edición, Editorial Medica Panamericana,

Pamela L. Swearingen, **Manual de Enfermería Médico- Quirúrgica**, 6ª Edición, Elsevier- Mosby,

Sabiston, **Tratado de Cirugía. Fundamentos Biológicos de la Práctica Quirúrgica Moderna**, 20ª Edición, SA Elsevier España, 2017

L. Andreu Periz et. al, **La Enfermería Médica y el Trasplante de Órganos**, Panamericana S.A, 2004

Alan Wein et.al, **Campbell Walsh Urología**, Décima, Panamericana S.A, 2015

Mark S. Greenberg, **Manual de Neurocirugía**, 2ª edición, Journal, 2013

Zudaire, Juan Javier, **Manual de Urología**, 1ª edición, Ariel, 2002

Fernández Del Busto Ernesto, **Manual de Enfermería Urológica**, Journal, 2014

Bibliografía Complementaria

Brunner&Suddarth's, **Textbook of Medical- Surgical Nursing**, 12ª Edición, Lippincott Williams & Wilkins,

Kathleen Duffy, **Medical- Surgical Nursing Made Incredibly Easy**, 1ª Edición UK, 2011

Morris PJ, Malt RA, **Oxford Testbook of Surgery**, 2ª Edición,

Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, www.ont.es,

J. Larry Jameson et. al, **Harrison Endocrinología**, 20ª Edición, Mc Graw Hill, 2007

Marylynn E. Doenges et al., **Planes de Cuidados de Enfermería**, Séptima Edición, Mc Graw-Hill, 2008

Mary Fran Hazinki et. al. Edición en español: Fabian C.Gelpi, **Aspectos Destacados de la Actualización de las Guías de la AHA para RCP y ACE de 2015**, CPR&ECC, 2015

Laso JF, **Introducción a la medicina clínica: Fisiopatología y semiología**, 2ª edición, Elsevier-Masson, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Enfermería de urgencias e cuidados críticos/V53G140V01414

Introducción á enfermaría avanzada/V53G140V01415

Prácticas clínicas IV/V53G140V01405

Prácticas clínicas V/V53G140V01406

Traballo de Fin de Grao/V53G140V01407

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticas clínicas II/V53G140V01303

Prácticas clínicas III/V53G140V01306

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/V53G140V01101

Bioquímica: Bioquímica/V53G140V01103

Fisioloxía: Fisioloxía/V53G140V01105

Fundamentos de enfermaría/V53G140V01107

Enfermería clínica I/V53G140V01204

Enfermería clínica II/V53G140V01205

Farmacoloxía e dietética/V53G140V01203

Introducción á enfermaría clínica/V53G140V01201
